

GUÍA DOCENTE DE **HISTORIA DOS INSTRUMENTOS**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: HISTORIA DOS INSTRUMENTOS										
ESPECIALIDADE	Interpretación							ITINERARIO	Instrumentos da música tradicional e popular de Galicia	
CARÁCTER	Obrigatoria							TIPO DE CLASE	Colectiva	
CURSOS	1º curso		2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	IMTP
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1h.
ECTS/CUAD.							3		Observacións:	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRIPTOR:	Estudo e descrición dos instrumentos da música tradicional galega. Aproximación ao diverso material instrumental de Galicia representado nas tipoloxías de aerófonos, cordófonos, membranófonos e idiófonos do patrimonio artístico e cultural. Clasificación organolóxica dos instrumentos dende diversos criterios.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requeridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Aquelas disciplinas de formación básica de contido análogo
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T8, T13
COMPETENCIAS XERAIS:	X9, X12, X20, X21, X25
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI2
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Coñecer as características morfolóxicas e acústicas propias dos instrumentos da música tradicional en Galicia.	Todas
Coñecer o patrimonio musical tradicional da nosa cultura e analizar formacións instrumentais.	Todas
Estudar a adaptación do sistema de clasificación de instrumentos de Erich Moritz von Hornbostel y Curt Sachs aos instrumentos da música tradicional de Galicia	Todas
Achegarse aos usos instrumentais nas formacións relacionadas coa música tradicional.	Todas
Desenvolver ferramentas para o traballo en equipo.	Todas

4. CONTIDOS	
Os idiófonos	
Os membranófonos	



Os cordófonos
Os aerófonos
Conxuntos

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Exposición práctico-teórica (Exposición do traballo do alumno/a na aula)	Presencial	Regular
Lectura guiada e comentario de fontes (preparación durante a clase do traballo encomendado para a seguinte sesión. Supervisión da información teórica aportada polo alumno/a)	Presencial	Regular
Pescuda de información (tempo de pescuda de información adicional ao traballo da aula proposto).	Non presencial	Permanente
Titorías (atención particular ao alumno/a)	Non presencial	Esporádica
Actividades de avaliación: <ul style="list-style-type: none">- Presentación traballos- Revisión de probas	Presencial	Ao final do cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á “avaliación alternativa” e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

**Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.*